



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VALDOVIÑO

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño

ANUNCIO

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño

Aprobada inicialmente polo Concello de Valdoviño en sesión plenaria celebrada o 6 de outubro de 2022 a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Valdoviño e de conformidade ao disposto no apartado b) do artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese a información pública o referido expediente durante trinta días hábiles, a contar dende o día seguinte da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar e presentar as reclamacións que estimen oportunas ao respecto, www.concellodevaldovino.com

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de Valdoviño.

Finalizado o período de exposición pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se presentaron e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional. No caso de que non se presentaron reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

En Valdoviño, a 31 de outubro do 2022.

O Alcalde, Alberto González Fernández.

2022/6777